

A II REVOLUCIÓN INDUSTRIAL E O IMPERIALISMO



1. A SEGUNDA REVOLUCIÓN INDUSTRIAL.
 - 1.1. NOVAS FONTES DE ENERXÍA E NOVAS INDUSTRIAS.
 - 1.2. O GRANDE IMPULSO DOS TRANSPORTES E DAS COMUNICACIÓNS.
 - 1.3. AS NOVAS POTENCIAS INDUSTRIAIS.
 - 1.4. A PRIMEIRA MUNDIALIZACIÓN DA ECONOMÍA CAPITALISTA.
2. A EXPANSIÓN DEMOGRÁFICA E AS GRANDES MIGRACIÓN S.
3. O IMPERIALISMO EUROPEO.
 - 3.1. CAUSAS DA EXPANSIÓN IMPERIALISTA.
 - 3.2. AS FORMAS DE DOMINACIÓN COLONIAL.
 - 3.3. O REPARTO DE ÁFRICA.
 - 3.4. A EXPANSIÓN IMPERIALISTA EN ASIA.
 - 3.5. CONSECUENCIAS DO IMPERIALISMO.
4. O IMPERIALISMO NON EUROPEO.
 - 4.1. O EXPANSIONISMO XAPONÉS.
 - 4.2. O EXPANSIONISMO ESTADOUNIDENSE.

1. A SEGUNDA REVOLUCIÓN INDUSTRIAL

1870-1914

- Segunda fase de desenvolvemento económico.
- Novas fontes de enerxía, novas industrias, avances nos transportes e nas redes de comunicación.
- Concentración empresarial.
- Desenvolvemento do capitalismo financeiro.
- Competencia no comercio internacional.
- Perda da supremacía británica.



1.1. NOVAS FONTES DE ENERXÍA E NOVAS INDUSTRIAS

- Desde fins do s. XIX houbo unha relación investigación (novas tecnoloxías) – empresa.
- Impulso e protección de **novos inventos** (creación de patentes).
- Florecemento de laboratorios.
- Innovación (química, armamento, transportes, medicina, etc.).

Destacaron

- Siderúrxica.
- Química.
- Eléctrica.



Fuentes de energía

1859 Comienzo de la extracción de petróleo en Pensilvania (EE.UU.)

1867 Dinamo (Gramme)

1878 Lámpara de filamento incandescente (Edison)



1881 Primera central eléctrica (hermanos Siemens)

Siderurgia

1855 Convertidor de acero (Bessemer)

1867 Homo eléctrico (Martin y Siemens)

1878 Método para la eliminación del fósforo (Thomas)

1886 Electrolisis del aluminio

Transportes

1834 Motor eléctrico (Jacobi)

1876 Motor de cuatro tiempos (Otto)

1879 Locomotora eléctrica (Siemens)

1884 Motor a gasolina (Daimler/Maybach)

1885 Automóvil (Daimler/Benz)

Bicicleta moderna (Starley)

1888 Cubierta neumática (Dunlop)

1891 Motor diesel (Diesel)

1900 Dirigible (Zeppelin)

1903 Aeroplano (hermanos Wright)



Química

1841 Abonos químicos (Liebig)

1856 Colorantes sintéticos (Perlin)


1861 Método Solvay para obtener sosa

1867 Dinamita (Nobel)

1909 Caucho sintético (Hoemann)

Comunicaciones

- 1837 Telégrafo (Morse)
- 1854 Teléfono (Bell/Meucci)



- 1876 Máquina de escribir (Sholes/Remington)
- Linotipia (Mergenthaler)
- 1884 Máquina de componer (Mergenthaler)
- 1897 Telegrafía sin hilos (Marconi)

Medicina

- 1846 Anestesia mediante éter (Morton)
- 1867 Tratamiento antiséptico de las heridas (Lister)
- 1882 Bacilo de la tuberculosis (Krebs/Löffler)
- 1885 Asepsia (Mergmann)
- 1895 Rayos X (Röntgen)
- 1899 Aspirina (Hoffmann)

Imagen y sonido

- 1839 Máquina fotográfica (Daguerre)
- 1871 Placa de bromuro de plata (Maddox/East)
- 1877 Fonógrafo (Edison)
- 1888 Película fotográfica (Kodak)
- 1895 Cinematógrafo (Lumière)
- 1896 Radio (Marconi)



Armamento

- 1835 Revólver (Colt)
- 1836 Fusil de aguja de percusión (Dreyse)
- 1850 Submarino (Bauer)
- 1866 Torpedo (Whitehead)
- 1867 Dinamita (Nobel)
- 1883 Ametralladora (Maxim)
- 1911 Tanque (Burstyn)



INDUSTRIA DOS METAIS

Avances na siderurxia → “Era do aceiro”.

Convertedor Bessemer.
Forno Martin-Siemens.

- Maior calidade
- Menor custo de produción

- Fabricación de máquinas e motores máis precisos co aceiro de maior calidade.
- Fabricación de aceiros especiais ou aliaxes (aceiro cromado, aceiro inoxidable) e novos metais (aluminio).
- Desenvolvemento de armamento, automóbil e aeronáutica.



INDUSTRIA QUÍMICA

- Nacemento da industria química (fins s. XIX).
- Destaca a produción para a industria, os fertilizantes e os explosivos.
- Tamén: produción de sosa, fibras, colorantes, produtos farmacéuticos, perfumes, etc.

PETRÓLEO E ELECTRICIDADE

- Principais fontes de enerxía da II Revolución Industrial (desprazan o carbón e vapor).
- A **electricidade** xa fora inventada, mais **avances** importantes:
- Novos inventos: dinamo, lámpada de filamento (Edison), motores eléctricos, turbinas hidráulicas.
- Nuevas aplicacións (alumeado público, transportes, comunicacións, lecer).
- Aparición de grandes empresas: Philips (Países Baixos), Siemens e AEG (Alemania), General Electric e Westinghouse (EE.UU.).

- Importancia crecente do **petróleo**:
- Aparición da industria petroquímica.
- Desenvolvemento (aparición do motor de explosión, ao utilizalo coma combustible).

Anos	carbón	lignito	petróleo	gasolina	gas natural	enerxía hidráulica	Total
1860	1.057	15	1			6	1.079
1870	1.628	30	8			8	1.606
1880	2.511	58	43			11	2.623
1890	3.797	97	109		40	13	4.056
1900	5.606	179	213		75	16	6.089
1910	8.453	271	467		162	34	9.387
1920	9.540	394	1.032	14	854	64	11.289
1930	9.735	493	2.045	78	575	128	13.053
1940	10.904	789	2.037	83	867	193	15.882
1950	11.632	902	5.439	163	2.088	332	20.556

Produción mundial de enerxía nas súas formas comerciais
(en equivalencia de miles de millóns de KW/h).

1.2. O GRANDE IMPULSO DOS TRANSPORTES E DAS COMUNICACIÓNS

- Expansión do ferrocarril e da navegación.
- Aparición do tranvía, metro, automóbil, bicicleta e avión

Melloras nas
comunicacións



FERROCARRIL

- O principal dos transportes da época.
- Houbo melloras:
 - Maior resistencia dos raís de aceiro.
 - Unha maior capacidade dos vagóns.
 - Unha maior velocidade e seguridade.
- 1870 → Existencia de grandes redes continentais en Europa e os EE.UU.



NAVEGACIÓN A VAPOR

- Innovacións técnicas nos barcos (substitución dos cascos de madeira por cascos de aceiro).
- Apertura de canles ➔ Importancia comercial (acortan distancias e reducen tarifas):
 - Canal de Suez (1869).
 - Canal de Panamá (1914).



Canal de Suez



Canal de Panamá



AUTOMÓBIL E AVIACIÓN

- O nacemento do automóbil estivo ligado a outros inventos (motor de explosión, pneumático).
 - O primeiro automóbil con volante e motor na parte dianteira foi inventando en Francia (Armand **Renault**).
 - O liderado da fabricación e produción tomáronna os EE.UU. coa fabricación do “**Ford T**” (fabricado en **cadea de montaxe**).
-
- Na aviación, os **irmáns Wright** inventaron o aeroplano, que se desenvolverá durante a I Guerra Mundial.



Renault Type A




Ford T

OUTROS TRANSPORTES

- Aparición de tranvías e metro nas cidades (melloras urbanas).
- A fins do s. XIX aparece a bicicleta.



COMUNICACIÓNS

- A invención do **teléfono** e da telegrafía sen fíos permitiu a transmisión instantánea de novas.
- Houbo innovacións en prensa e artes gráficas → Aparición da prensa de masas.



1.3. AS NOVAS POTENCIAS INDUSTRIAIS

- 1870 → Reino Unido era o máximo produtor mundial.
- 1913 → Estados Unidos e Alemanha convértense nos máximos produtores (grazas os sectores da II Revolución Industrial).
- Reino Unido mantivo o liderado comercial mundial.



ALEMAÑA

II Reich

- Segunda potencia mundial industrial desde 1900.
- Segundo posto no comercio mundial en 1913.

Factores para a industrialización

1. Desenvolvemento dos medios de transporte.
2. Aplicación de novas técnicas de produción.
3. Organización científica da produción.
4. Concentración industrial e financeira.
5. Proteccionismo (favorecía a terratenentes e grandes industriais).

- Creación de grandes empresas como Krupp e Thyssen (metalurxia), Bayer e Basf (química) ou Siemens e AEG (electrónica).
- Tamén se crearon **cárteles*** coa participación de bancos.

ESTADOS UNIDOS

Fins do s. XIX

→ Convértese na **primeira potencia mundial**.

Factores para la industrialización

1. Enorme mercado interior (vaga migratoria desde Europa aumentou a poboación).
2. Abundancia de recursos minerais, materias primas e terra fértil.
3. Rápida construción da rede ferroviaria.
4. Especialización rexional (división xeográfica do traballo).
5. Incorporación das innovacións técnicas á produción.

- Nacemento de grandes sociedades industriais (**trust***). A empresa moderna naceu nos Estados Unidos.
- Na década de 1880 naceron as grandes corporacións: U.S. Steel (aceiro), Standard Oil (petróleo), General Electric (electricidade), Western Union (teléfono e telégrafo) ou Ford Motor Company (automóbil).

O XAPÓN MEIJI

- Xapon, país pechado e feudal, até que en 1854 recibiu ameazas dos EE.UU. para abrir os seus mercados.
- 1868 → Fin do sistema feudal. Mutsu-Hito designou un goberno *Meiji* (reformista, de tipo occidental).
- O Estado monopolizou a actividade empresarial até 1880 (investimento, creación de empresas públicas e subvencións a empresas privadas).
- 1880-1882 → O Estado permitiu que grandes capitalistas adquiriesen empresas.



Nacemento dos **Zaibatsus*** (concentracións industriais e financeiras semellantes os trust).

- S. XX → Desenvolvemento económico (man de obra abundosa e barata).
- Pouco mercado interno → Os Zaibatsus defenden a expansión por Asia e o Pacífico.
- 1914 → Liderado comercial e industrial de Xapón no Pacífico.

1.4. A PRIMEIRA MUNDIALIZACIÓN DA ECONOMÍA CAPITALISTA (1870-1914)

Funcionamento da economía a escala mundial.

- Nova organización empresarial.
- Liberdade de movementos de capital.
- Patrón ouro para transaccións comerciais.

MUNDIALIZACIÓN DA
ECONOMÍA

Razóns técnicas e económicas [...] tenden cada vez máis a producir a creación de grandes concentracións industriais, combinando a produción de materias primas coa de bens manufacturados e semielaborados. Este desenvolvemento non sería posible [...] sen a correspondente organización dos mercados do diñeiro e do crédito, é dicir, sen poderosos bancos que están en disposición de aportar as necesarias transaccións financeiras. [...] O resultado é que en moitos casos os bancos parecen posuír un poder de control sobre as corporacións industriais [...]. Como membros das xuntas directivas das corporacións industriais, os directores dos bancos están sempre prestos a salvaguardar os intereses dos bancos [...]. Por outra parte, co fin de crear e manter relacións amigables entre os bancos e as corporacións industriais, aos directores destas últimas concédenselle prazas nas xuntas directivas dos bancos.

ROBERT FRANZ, *The Statistical History of de German Banking*, 1910

A NOVA ORGANIZACIÓN DA PRODUCCIÓN

Aumento da industrialización → Máis competencia

Reformas na industria:

Aparición das Sociedades Anónimas.
Moitas empresas convertéronse en S.A.
para captaren capitais para investir.

Concentración empresarial (Alemaña,
Estados Unidos, Xapón):

- Horizontal (empresas dunha mesma actividade).
- Vertical (empresas do mesmo proceso productivo).

- Aparición de cártel, trust, holding, zaibatsu,...
- Intento de prácticas monopolistas (control de prezos, eliminación da competencia).

Investimento de capital bancario na
industria. Aparición de bancos de negocio
(concedían empréstimo a longo prazo).

Capitalismo financeiro.

Cártel: Acordo formal entre empresas do mesmo sector, cuxo fin é reducir ou eliminar a competencia nun determinado mercado.

Adoitan estar encamiñados a desenvolver un control sobre a produción e a distribución, coa colusión de las empresas que o forman.

Trust: Unión de empresas distintas baixo unha mesma dirección central. Ten como finalidade exercer un control das vendas e da comercialización dos produtos.

Hólding: Compañía que controla as actividades doutras, a través de ter a propiedade de todas ou unha parte significativa das súas accións. Este termo tamén se usa para designar ao conglomerado así formado.

Zaibatsu: Literalmente significa "camarilla financeira". Define un gran grupo de empresas que están presentes en case todos os sectores da economía. As empresas que a forman adoitan ser parte do accionariado doutras empresas do grupo, nunha participación cruzada.

CONCENTRACIÓN VERTICAL DE EMPRESAS

Para la producción y venta de automóviles existen numerosas empresas que participan en el proceso:

- Fabricación de piezas (neumáticos, tornillería, elementos mecánicos, cristales, etc.).
- Transporte de las piezas a la fábrica.
- Fabricación de los automóviles (montaje de motores, chasis y accesorios).
- Transporte de los automóviles a los puntos de venta.



Una sola empresa adquiere empresas que intervienen en todos los pasos del proceso productivo.



La gran corporación domina todas las etapas del proceso de producción y, por tanto, tiene un mayor control sobre el mismo.

CONCENTRACIÓN HORIZONTAL DE EMPRESAS

Para la producción y venta de automóviles existen numerosas empresas que participan en el proceso:

- Fabricación de piezas (neumáticos, tornillería, elementos mecánicos, cristales, etc.).
- Transporte de las piezas a la fábrica.
- Fabricación de los automóviles (montaje de motores, chasis y accesorios).
- Transporte de los automóviles a los puntos de venta.


→ Una empresa especializada en la fabricación de neumáticos compra todas las demás empresas de neumáticos presentes en el mercado. →

Con el monopolio en la fabricación de neumáticos tiene capacidad para regular el mercado según sus intereses:

- Puede exigir un precio bajo a las empresas que venden las materias primas porque es su único cliente.
- Puede vender al precio que desee los neumáticos a las fábricas de automóviles, pues es el único suministrador.

A INTEGRACIÓN DOS MERCADOS DE CAPITAL

- Movimento de capitais e investimentos a escala mundial.
- Exportações de capital desde Europa occidental (Reino Unido, Francia e Alemanha) para investir em América, Rússia e os impérios coloniais.



AS TRANSFORMACIÓNS NO COMERCIO INTERNACIONAL.

Aumento do comercio a fins do s. XIX, malia o proteccionismo

Para fomentar a industria interna

Causas

1. Descenso do prezo dos produtos e aumento do número de consumidores.
2. Revolución dos transportes (os produtos chegaban a todo o Planeta).
3. Desenvolvemento dun sistema monetario internacional (patrón-ouro, que se baseaba na convertibilidade das moedas nacionais en ouro por un valor fixo respaldado polos respectivos bancos centrais).

Europa dominou os intercambios comerciais (importaba materias primas e alimentos e exportaba manufacturas).

2. A EXPANSIÓN DEMOGRÁFICA e AS GRANDES MIGRACIONES.

Aumento demográfico en Europa (fins s. XIX)

270 millóns de habitantes en 1850.
400 millóns de habitantes en 1900.

Causas → Segunda fase da revolución demográfica:


- Progresos en medicina e hixiene.
- Descenso da mortalidade.
- A natalidade mantense elevada.

Consecuencias:

- Urbanización en Europa (nos países industrializados).
- Emigración a outros países (ultramar).

	Bélgica	Francia	Alemania	España	Gran Bretaña	Irlanda	Italia	Rusia
1850	4,3	35,8	34,0	15,0	20,8	6,6	24,4	68,5
1870	4,8	36,1	40,2	16,2	26,1	5,4	26,8	84,5
1890	6,1	38,3	49,4	17,6	33,1	4,7	30,3	117,8
1900	6,6	39,0	56,4	18,6	37,0	4,5	32,5	132,9
1910	7,4	39,6	64,9	20,0	40,8	4,4	34,7	160,7

Crecemento de poboación en algúns países europeos (millóns de habitantes).



Evolución da taxa de mortalidade en Inglaterra, Alemaña e Francia.

Factores que explican as migracións:



- Aumento da poboación nova, en idade laboral.
- Diferenzas salariais entre os países de orixe e os de destino (desexo de escapar da pobreza).
- A poboación emigrada, xa no destino, enviaba diñeiro e información os seus familiares no país de orixe.
- Abaratamento dos transportes.
- Oportunidade de se establecer en terras virxes.



S. XIX → Emigración de 60 millóns de europeas/os.

Cara a América (3/5 a Estados Unidos), África do Norte, Sudáfrica, Australia e Nova Celandia


Dúas fases:

- 1845-1880: Emigración pola crise (Inglaterra, Alemaña e Irlanda).
- 1880: Aceleración no sur e leste de Europa.


Arredor do 85 % da emigración de Italia aos Estados Unidos provén do sur de Italia, incluíndo Sicilia. A proporción de mulleres e cativos medra cadaa no, amosando unha tendencia á residencia permanente no noso país. [...] Do 80 ao 90 % da emigración italiana fórmana o campesiñado; o resto son xastres, zapateiros e carpinteiros, mais non, por regra xeral, traballadores de primeira clase. [...] As duras condicións da agricultura en Italia no son a única causa da emigración italiana. A superpoboación é unha causa activa. Italia é o país máis populoso de Europa, un 30 % máis poboado que Francia ou Austria. Italia nos últimos anos enviou os Estados Unidos aproximadamente a mesma proporción a respecto da súa poboación que Gran Bretaña e Irlanda, mais tres veces máis que a proporción alemá. [...]

F. L. DINGLEY, *European Emigration. Studies of Emigration moving out of Europe, especially that flowing to the United States*, 1890



Reino Unido
En miles de personas



Alemania
En miles de personas




Francia, Suiza, Países Bajos, Bélgica
En miles de personas




EMIGRACIÓN




Rusia
En miles de personas



España, Portugal
En miles de personas



Italia
En miles de personas



3. O IMPERIALISMO EUROPEO

Mudanzas no s. XIX:

- Desaparición do colonialismo da Idade Moderna (baseado no mercantilismo, as especias, metais preciosos, etc.).
- Aparición dun novo imperialismo (liderado por Francia e Reino Unido), influenciado pola industrialización. Ocupación dos continentes.
- Rivalidade polo dominio do mundo (entraron tamén os EE.UU. E Xapón).



3.1. CAUSAS DA EXPANSIÓN IMPERIALISTA.

CAUSAS ECONÓMICAS

- Auxe do **librecambismo** (até 1870). Os europeos venden a súa produción en outros lugares do mundo.
- 1873 → **Crise** → Volta do proteccionismo e aumento dea competencia.
- Necesidade de atopar novos mercados.
- As metrópoles importaban materias primas das colonias e exportaban excedentes.
- Busca de novos mercados, investimentos de capitais nas colonias, abastecemento de materias primas.

FACTORES POLÍTICOS

- Factores políticos, estratéxicos e militares tamén influíron:
 - Interese por dominar rutas estratéxicas (militares e comerciais)
 - Desexo de prestixio e poder fronte ás potencias rivais.
- Expansión colonial concebida como defensa dos intereses nacionais (competencia fronte aos países rivais).

FACTORES IDEOLÓXICOS

- Expansión dunha mística imperialista (exaltación dos valores nacionais e da vontade de grandeza).
- Apelación á historia (Roma antiga, valores da Revolución Francesa, etc.).
- Ideoloxía racista (“superioridade da raza branca”, “misión civilizadora”, **Darwinismo social**).

RAZÓNS RELIXIOSAS

MOTIVACIÓNS CIENTÍFICAS

- Viaxes de exploración cara a terras descoñecidas polos europeos (ao interior de África polos grandes ríos).
- Aparición de Sociedades Xeográficas.
- Aparición de literatura de viaxes (Kipling, Stevenson, etc.).

"La política colonial se impone en primer lugar en las naciones que deben recurrir a la emigración, ya por ser pobre su población, ya por ser excesiva. Pero también se impone en las que tienen o bien superabundancia de capitales o bien excedente de productos ésta es la forma moderna actual más extendida y más fecunda (...).

Desde este punto de vista, lo repito, la fundación de una colonia es la creación de un mercado (...). En el tiempo en que estamos y con la crisis que pasan todas las industrias europeas, la fundación de una colonia es la creación de una salida. Allí donde permanezca el nudo colonial entre la madre-patria que produce y las colonias que ella fundó, se tendrá el predominio de los productos: económico, y también político (...)

Hay un segundo punto que debo igualmente abordar: es el lado humanitario y civilizador de la cuestión. Es preciso decir abiertamente que, en efecto, las razas superiores tienen un derecho con respecto a las razas inferiores porque existe un deber para con ellas. Las razas superiores tienen el deber de civilizar a las razas.

Las razas superiores tienen el deber de civilizar a las razas inferiores. ¿Y existe alguien que pueda negar que hay más justicia, más orden material y moral en el África del Norte desde que Francia ha hecho su conquista?"

Discurso de Jules Ferry ante la Cámara, París. 1885.

“¡Razas superiores!, ¡Razas inferiores!. Es fácil decirlo. Por mí parte, yo me aparto de tal opinión, especialmente después de haber visto a sabios alemanes demostrar científicamente que la francesa es una raza inferior a la alemana. No, no existe el derecho de las llamadas naciones superiores sobre las naciones llamadas inferiores. La conquista que Ud. [J. Ferry] preconiza es el abuso, liso y llano, de la fuerza que da la civilización científica sobre las civilizaciones primitivas, para apropiarse del hombre, torturarlo y exprimirle toda la fuerza que tiene, en beneficio de un pretendido civilizador.”

G. Clemenceau. *Discurso en la Cámara*. Francia, julio de 1885.

“Estaba ayer en el East End y asistí a una reunión de parados. Escuché fuertes discusiones. No se oía mas que un grito: "pan, pan". Cuando regresé a mi casa me sentí todavía más convencido de la importancia del imperialismo (...). Para salvar a los cuarenta millones de habitantes del Reino Unido de una mortífera guerra civil, nosotros, los colonizadores, debemos conquistar nuevas tierras para instalar en ellas el excedente de nuestra población y encontrar nuevas salidas a los productos de nuestras fábricas.”

Sir Cecil Rhodes. *Carta al periodista Stead*. 1895.

3.2. AS FORMAS DE DOMINACIÓN COLONIAL

- Trala expansión imperialista produciuse un control político, social e cultural dos europeos e un sometemento das poboacións colonizadas.
- Os estados europeos asumiron a responsabilidade de administrar as colonias baixos **distintas formas**.



Colonias:

- A poboación indíxena estaba sometida.
- O goberno e a administración estaban en mans dos europeos (gobernador).
- Un tipo peculiar: colonias de poboamento (asentamentos de poboación europea, por exemplo: Alxeria).

Dominios: (*Canadá, Nova Celandia, Australia, Sudáfrica*):

- Eran colonias de poboamento con un **amplo autogoberno** (no Imperio Británico).
- Os poderes do gobernador estaban limitados polos colonos.
- Autonomía interna, mais política exterior común coa metrópole.

Protectorados:

- Territorios coloniais onde existía unha estrutura política previa.
- A metrópole respecta o goberno, mais exercía control militar, dirección política exterior e explotación económica.

Concesións (China):

- Un Estado cedía territorios a unha potencia de xeito temporal, mais sen desprazar funcionarios nin militares.



3.3. O REPARTO DE ÁFRICA

Até 1870 → Existencia de factorías comerciais na costa africana.

Desde 1870 → Ocupación total do territorio. Enfrontamentos entre países colonizadores.

Os *PRIMEIROS PASOS*

Francia e Reino Unido iniciaron o proceso colonizador en África

África Mediterránea

1830 → Francia ocupou Alxeria (1848, territorio francés; 1870, colonia; 1871, protectorado en Túnez).

Egipto → Conflicto polo dominio da **Canle de Suez**.


Gran Bretaña quería controlar a ruta da India. En 1882 intervención militar (ocupación e protectorado).

Resto de África

Apertura de rutas (misioneiros e exploradores).



Stanley



Livingstone

África cara ao 1870.

CONFERENCIA DE BERLÍN (1884-1885)

O Chanceler alemán, Bismarck, convocou unha conferencia internacional:

- Tratar a expansión imperialista (rivalidades Francia e Bélxica polo Congo).
- Intereses comerciais alemáns (expansión).

Acordos:

- Liberdade de comercio e de navegación nos ríos Níxer e Congo.
- Prohibición da escravitude.
- Congo pasa a ser unha colonia persoal do rei de Bélxica, Leopoldo II.
- Principio de ocupación efectiva (había que ocupar un territorio para consideralo propio) → As potencias lanzáronse a ocupar territorios.

Novas potencias en África (fins. s. XIX):

- *Italia* (Somalia e Eritrea).
- *Alemaña* (África Oriental, Togo, Camerún, África do Sueste).



“No nome de Deus todopoderoso.

A súa maxestade o Rei de España; S.M. o Emperador de Alemaña, Rei de Prusia; S.M. o Emperador de Austria, Rei de Bohemia, etc. (...)

Desexando establecer nun espírito de entendemento mutuo as condicións máis favorables ao desenvolvemento do comercio e da civilización de determinadas rexións de África, e de asegurar a todos os pobos as vantaxes da libre navegación polos principais ríos africanos que desembocan no océano Atlántico; desexosos, por outra banda, de previr os malentendidos e as disputas, decidiron (...):

1º Declaración relativa á liberdade de comercio na bacía do Congo, as súas desembocaduras e países veciños.

2º Declaración referente á trata de escravos.

3º Declaración relativa á neutralidade dos territorios comprendidos na bacía convencional del Congo.

4º Acta de navegación do Congo.

5º Acta de navegación do Níxer.

6º Declaración que establece nas relacións internacionais regras uniformes a respecto das ocupacións que en diante poidan se verificar nas costas do continente africano.

Art. 34. Toda potencia que no sucesivo tomar posesión dun territorio situado na costa do continente africano, mais fóra das súas posesións actuais, ou quen non posuindo ningún até o momento chegase a adquirilo, acompañará a Acta respectiva dunha notificación dirixida ás restantes potencias asinantes da presente Acta.

Art. 35. As potencias asinantes da presente Acta recoñecen a obriga de asegurar, nos territorios ocupados por elas na costa do continente africano, a existencia dunha autoridade suficiente para faceren respectar os dereitos adquiridos e, chegado o caso, a liberdade de comercio e de tránsito nas condicións en que for estipulada.”

Conferencia de Berlín. *Acta Xeral*. Febreiro de 1885.



CONFLITOS INTERNACIONAIS

Houbo intentos de formar imperios continuos:

- Reino Unido, de norte a sur (O Cairo-O Cabo).
- Francia, de oeste a leste (Sahara-Mar Vermello).

Colisión. **Crise de Fachoda, 1898.**

África Austral → Enfrontamento entre Portugal e Alemaña-Holanda (Boers) no Cabo (ocupado finalmente por Reino Unido).

Sudáfrica (rica en ouro e diamantes) → **Guerra Anglo-Boer** (1899-1902).


Derrota dos boers e incorporación dos territorios a Reino Unido.

Norte de África → **Cuestión marroquina** (Francia quería establecer un protectorado e Alemaña non o permitía). Tensión até a I Guerra Mundial.

El imperio Francés e Inglés en Africa

 imprimir





THE WHITE MAN'S BURDEN. — *The Ram's Horn, Chicago.*



3.4. A EXPANSIÓN IMPERIALISTA EN ASIA

IMPERIO RUSO

- Foi unha expansión política. A mediados do s. XIX ocupou o Turquestán (o que provocou enfrontamentos co Reino Unido).
- 1880-1890 → Construción del ferrocarril **Transiberiano** até Vladivostok e Manchuria.



Choque con Xapón (**guerra ruso-xaponesa**, 1904-1905)



IMPERIO BRITÁNICO

- A **India** era o territorio preferente e protexido.
- S. XVIII → Creación da **Compañía Británica de Indias Orientais** (ocupou o territorio con soldados indios, *cipaíos*).
- 1857 → Sublevación dos cipaíos.
- Reorganización na administración colonial (supresión da Compañía e implantación dun **Vicerreo**).

- Ocupación de **Birmania** e **Malaisia** para contrarrestar a ocupación francesa de Indochina.

- Colonias de poboamento en **Australia** e **Nova Celandia**





**THE
BRITISH
EMPIRE
1897**




British & Foreign, 100, New York, N.Y.

Printed & Published by the Author

London, England


IMPERIO FRANCÉS

- Ocupación de **Indochina** (1850-1860). Ocuparon o delta do Mekong, asinando un tratado co rei de Annam.
- 1887 → Creación da **Unión Xeral Indochina** (Annam, Tonkin, Cochinchina, Camboxa e Laos).
- 1893 → Acordouse a neutralidade de Siam (Tailandia) como estado independente.



OUTROS IMPERIOS

- **Países Baixos** → Desde 1882 administraron as **Indias Holandesas** (Indonesia e Nova Guineia).
- **Alemaña** → Nova Guineia e illas do Pacífico.



ASIA EN 1914



O CASO DE CHINA

- China foi un obxectivo comercial prioritario das potencias europeas e de Estados Unidos.
- Mantivo teoricamente a súa independencia.

Prohibición do goberno chinés á entrada de opio indio



Guerras do Opio (1839-1842 e 1856-1858)



Francia e Reino Unido obrigaron a China a asinar tratados trala guerra:

- China cedeu Hong-Kong a Reino Unido.
- Dereitos a comerciantes extranjeros para se establecer en determinadas cidades (Shangai, Cantón, etc.).

“Mais existe unha categoría de extranxeiros malfeitores que fabrican opio e o traen ao noso país para o vender, incitando os parvos a se destruíren a eles mesmos, simplemente co fin de sacaren proveito. Anteriormente, o número de fumadores de opio era reducido; mais agora o vicio estendeuse por todas partes e o veneno está a penetrar cada vez máis profundamente (...) Por este motivo, decidimos castigar con penas moi severas os mercadores e os fumadores de opio, coa intención de pór fin definitivamente á propagación deste vicio. Parece ser que esta mercadoría envelenada é fabricada por algunhas persoas diabólicas en lugares sometidos á vosa lei (...) Oín dicir que no voso país está prohibido fumar opio. Isto significa que non ignorades até que punto resulta nocivo. Mais no canto de prohibir o consumo de opio, valería máis que prohibísedes a súa venta, ou, mellor aínda, a súa produción (...).

Todo opio que é descuberto en China bótase en aceite fervendo e destrúese. No sucesivo, todo barco extranxeiro que chegar con opio a bordo será incendiado (...) Entón, non só non obteredes ningún beneficio de nós, senón que vos arruinaredes no negocio. (...) Non digades logo que non fostes avisada con tempo.”

Lin Ze-xu. Carta á raíña Victoria. 1839.

“Despois de loitar arduamente por abriremos o mercado chinés, as principais importacións chinesas para o consumo masivo resultaron ser unha droga -o opio- e un combustible, o queroseno.

O opio, tras ser elaborado [na India], vendíase en poxa pública baixo o patrocinio oficial británico na India e era posteriormente transportado a China por comerciantes privados británicos e indios autorizados pola *Compañía das Indias Orientais*, que aínda gobernaba a India. As vendas de opio en Cantón pagaban os envíos de té (chinés) a Londres nun próspero comercio triangular entre India, China e Gran Bretaña.”

John K. Fairbank. *China, unha nova historia*. 1996.

“O Tratado de Nanking concedeu case total satisfacción ás demandas de Gran Bretaña. O comercio inglés xa non se limitaría ao porto de Cantón; outros catro, no centro e sur de China, abriríanse en diante ao comercio (...). Nestes portos abertos os ingleses poderían establecer a súa residencia e dependerían, en materia penal, dos seus propios xulgados consulares e terían o dereito de establecer relacións comerciais directas coa poboación chinesa. Os dereitos aduaneiros serán limitados (...) Polo tanto, China perdeu a súa autonomía aduaneira (...). finalmente, a illa de Hong Kong, inmediata a Cantón, converteuse nunha colonia inglesa; praza comercial certamente, pero tamén unha base naval que garantise a protección dos intereses ingleses.”

P. Renouvin. *Historia das relaciones internacionais*. 1955.


- Entrada de produtos europeos a China → Ruína para los comerciantes chinoses (insurreccións populares).
- 1880 → Reparto en China de portos ye zonas de influencia (Gran Bretaña, Francia, Alemaña, Estados Unidos e Xapón).
- 1900 → **Revolta dos Boxers** (nacionalista). Derrotada.
- 1911 → Proclamación da República e fin da dinastía manchú.



3.5. AS PEGADAS OU CONSEQUENCIAS DO IMPERIALISMO

Explotación económica:

- “Economía de pillaxe” por parte dos europeos. Explotaban ao menor custo posible.
- Apropiación de terras por parte dos colonos (marxinaron os indíxenas).
- Concesións para grandes compañías para explotar terras. Aparición de grandes plantacións de monocultivo (traballo forzoso a indíxenas, maltratos, etc.).
- Ruína das actividades artesanais indíxenas pola competencia industrial.
- Explotación dos recursos das colonias e control dos mercados.
- Imposición de moeda, impostos e tarifas aduaneiras.



Sociedade colonial:

- Introducción de medicinas e hixiene → menos mortalidade e alta natalidade.
- Urbanización polo crecemento demográfico → máis miseria.
- Creación de fronteiras artificiais → división de grupos tribais ou étnicos e unión de grupos distintos → futuros conflitos.
- Aculturación (imposición da cultura da metrópole).
- Formación dunha elite indíxena que xenerou un nacionalismo crecente.



"Toda mellora nos métodos de produción, cada concentración de propiedades (...) parece reforzar a tendencia á expansión imperialista. A medida que nación tras nación entra na era da máquina e adopta os métodos industriais máis avanzados, faise máis difícil para os seus empresarios, comerciantes e financeiros colocar as súas reservas económicas e, progresivamente, están tentados a aproveitar os seus gobernos para conquistar con fins particulares países afastados e subdesenvolvidos mediante anexión e protectorado (...).

Este estado de cousas na economía é a raíz do imperialismo. Se os consumidores deste país puidesen elevar o seu nivel de consumo tanto que fosen capaces de avanzar até o das forzas de produción, non habería excedentes de bens e capitais capaces de esixir ao imperialismo o descubrimento de novos mercados (...).

O imperialismo é o esforzo dos grandes propietarios da industria para facilitar a saída do seu excedente de riqueza, buscando vender ou colocar no extranxeiro a mercadoría ou o capital que o mercado interno non pode absorber. Non é o crecemento industrial o que anhela a apertura de novos mercados e novas rexións para investir, senón a mala distribución do poder adquisitivo que impide a absorción de bens e capital no país. O imperialismo é o froito desta falsa política económica e o remedio é a reforma social.."

John Hobson. *O imperialismo*. 1902.

4. O IMPERIALISMO NON EUROPEO.

4.1. O EXPANSIONISMO XAPONÉS.

Xapón Meihí

→ Crecimento e modernización (modelo occidental).
Afán expansionista (para dominar Corea e China).

Factores do imperialismo xaponés:


- Presión demográfica.
- Busca de mercados para os seus produtos.
- Busca de materias primas.
- Aparición de correntes nacionalistas (“Gran Xapón”).



Mutsuhito (Emperador Meihí)


Expansionismo xaponés:

- Conquista de arquipélagos próximos.
- Obriga a Corea para que abra os seus portos (choque con China).
- 1894-1898 → Ocupación de Corea e parte de Manchuria. Guerra con China (China cede Formosa, Corea e outros portos).
- Rivalidade con Rusia pola súa presenza en Manchuria.
- Guerra Ruso-Xaponesa (1904) → Inicio con el ataque de Xapón á frota rusa en Porth Arthur. Vitoria xaponesa.



4.2. O IMPERIALISMO ESTADOUNIDENSE.

- Expansión cara ao Oeste até fins do s. XIX.
- 1846-1848 → Guerra con México. Vitoria de Estados Unidos y anexión de varios estados no Oeste.
- 1867 → Compra Alaska a Rusia.



Sentimento de superioridade:

- **Doutrina Monroe** (“*América para os americanos*”).
- **Destino Manifesto** (pobo elixido por Deus, que permitía a apropiación de terras).
- Sentimento nacionalista (superioridade racial, política, relixiosa).

«O pobo estadounidense, na súa calidade de pobo elixido, ten un fin manifestado por Deus segundo o cal estalle permitido se apropiar de todo territorio que estivese destinado a formar parte dos Estados Unidos».
J. O’Sullivan, 1845

Concepcións xeopolíticas:

- Dominio estratéxico do mar por bases navais e desenvolvemento dunha frota de guerra (tese de Alfred T. Mahan).

Causas do imperialismo estadounidense (razóns ideolóxicas e xeopolíticas)

Xustifican intervencións no Caribe, resto de América, Pacífico e Asia.


- 1898 → Intervención de Estados Unidos na guerra de España coas súas colonias (Cuba e Filipinas), durante a presidencia de Mckinley.
- Vitoria de Estados Unidos → Independencia de Cuba e anexión de Filipinas e Porto Rico.

- Theodore Roosevelt → **“Política do gran garrote”** (1901).
- Estados Unidos resérvase o dereito de intervir nos asuntos internos de países latinoamericanos:
 - Panamá independente de Colombia (importancia da canle).
 - Intervencións armadas en República Dominicana (1905), Cuba (1906, creación da base de Guantánamo), Nicaragua, Honduras e China (contra os boxers).
- Intervencións xustificadas pola defensa dos intereses estadounidenses.



“É falso dicir que os Estados Unidos senten a necesidade de proxectos de terras ou alimentan proxectos a respecto das outras nacións do hemisferio occidental [...]. O único que quere o noso país é ver os seus veciños estables en orde e prosperidade. [...] Se unha nación demostra saber actuar con eficacia e razón [...], se mantén a orde e cumpre as súas obrigas, non ten por que temer unha intervención dos Estados Unidos. Males crónicos ou a incapacidade que provoque unha relaxación xeral [...] poden acabar en América, como noutras partes, causando a intervención [...]. Afirmando a Doutrina Monroe, tomando as medidas que tomamos respecto a Cuba, Venezuela e Panamá e esforzándonos por limitar a guerra no Extremo Oriente e garantir a porta aberta en China, actuamos no interese de nós mesmos e da humanidade no seu conxunto [. ..]

**Mensaje anual del presidente
Theodore Roosevelt, 6 de diciembre de 1904**





THE BIG STICK IN THE CARIBBEAN SEA



COLOSSUS OF THE PACIFIC



possessions et sphère d'influence américaines	possessions allemandes	possessions espagnoles	possessions japonaises	possessions russes
possessions et sphère d'influence britanniques	possessions belges	possessions françaises	possessions néerlandaises	possessions ottomanes
dominions britanniques	possessions danoises	possessions italiennes	possessions portugaises	pays indépendants